

A morte nas biografías escolares de finais e principios de século de Vicente Barrantes Moreno, Nicolás Díaz y Pérez e Ángeles Morán Márquez

Ramón Tena Fernández

[Recibido, 2 setembro 2019; aceptado, 12 novembro 2019]

<http://dx.doi.org/10.15304/bgl.55.6227>

RESUMO A morte converteuse para a literatura infantil e xuvenil na gran ausente, a omitida ou a enmascarada. Atopar referencias bibliográficas que aborden o tema con total naturalidade ou que simplemente a mencionen é francamente difícil. Este silencio literario non sempre se mostrou de forma tan acusada; de feito, existen referentes na nosa historia como *El Plutarco extremeño*, *Nombres claros de Extremadura* ou *El Plutarco de los niños* que apostaron por temas tan reais como controvertidos e nos cales a descrición do falecemento dos seus personaxes supoñía un elemento frecuente da narración. Neste artigo darase conta das características comúns destas tres obras, a repercusión no lector infantil e o procedemento habitual na manifestación que fan da morte.

PALABRAS CHAVE: Literatura; infancia; morte; historia; biografías.

ABSTRACT In children's literature, death has become the major omission, the missing topic or the masked one, so it is utterly hard to find references simply mentioning this topic or addressing it in a natural way. This literary silence has not always been so pronounced; in fact, there are references in our history such as *El Plutarco extremeño*, *Nombres claros de Extremadura* or *El Plutarco de los niños* that include topics not only real but also controversial, and where depicting the death of their characters in a natural was a recurring element in the stories. In this article, we will be talking about the common characteristics of these three novels and their impact on children, as well as the standard procedure in the manifestation of death in works of nineteenth and twentieth centuries.

KEYWORDS: Literature; childhood; death; history; biographies.

Introdución

En cuestión de poucos anos, a Literatura Infantil e Xuvenil (LIX) pasou de ser unha gran descoñecida en investigacións propias das ciencias sociais a ser unha gran demandada en todo tipo de estudos sobre didáctica, histo-

ria, socioloxía, pedagogía e mesmo artes plásticas. Con todo, a pesar de ser conscientes da súa importancia nos ámbitos educativo, cultural e familiar, o certo é que mesmo a día de hoxe se presenta como un tema sobre o que aínda quedan áreas nas que é preciso traballar cunha maior profundidade. Esta situación agrávase aínda máis cando a temática que nos preocupa se afasta das variables asociadas frecuentemente a este tipo de literatura e nos centramos, exclusivamente, en factores catalogados como controvertidos ou delicados.

O paradoxo prodúcese cando estes temas vetados da LIX (mortes de familiares, asasinatos, secuestros, tiroteos, atentados e raptos) son os mesmos aos que acode de maneira recorrente a literatura destinada ao público adulto a modo de arranque escabroso co que dar comezo á intriga ou á acción. Esta diferenciación temática obedece á imperiosa e innata necesidade de protexer a inocencia dos máis novos e pretender que todo libro infantil, á vez que entretén, incrementa a aprendizaxe conceptual do lector. Se temos en conta que o fin deste tipo de literatura non debe estar baseado meramente nun punto didáctico, senón que debe ser un engadido que incrementa notablemente o seu atractivo, a actitude mencionada talvez non sexa do todo correcta. Un dos obxectivos da LIX é potenciar a imaxinación, mergullar o lector en aventuras e dotar de ás á fantasía inherente aos gustos e personalidade de cada neno (Perera, 2007).

22

De todos os xeitos, non podemos obviar que, aínda que os mozos lectores gozan e se divirten con obras nas que se incentiva a lectura recreativa, en ningún momento o seu éxito se atopa garantido xa que serán os adultos os que finalmente exerzan de “censores” e valoren segundo o seu propio código ético a conveniencia e idoneidade da obra en cuestión. Os factores que rematan por converterse en ditames para os editores son os gustos e suxestións dos adultos, entendidos como figuras que, amparadas en obxectivos e intereses comerciais, se encargan de impoñer con fervor estes criterios a escritores e ilustradores.

Quizais esta situación derivase nun labor de autocensura inconsciente por parte dos autores. Condicionados polo medo a que a súa obra sexa rexeitada por afastarse dos canons que na sociedade imperan, non se atreven a desenvolver con total liberdade o seu potencial creativo e apostar por novos temas máis irreverentes. Neste sentido, Michi Strausfeld (1989) advirte que corremos o risco de facer prisioneira á nosa literatura infantil e xuvenil a mans

dun didactismo que non dubida en antepoñer o valor pedagóxico ao lúdico e pracenteiro. A pesar diso e aínda que a selección de argumentos nos contos se deixase seducir facilmente pola procura do ensino, prodúcese un feito curioso: atópanse ausencias temáticas tan reais e cotiás na vida como invisibles neste tipo de obras (Herrán e Cortina, 2006).

Na actualidade, a literatura infantil converteuse en páxinas e páxinas onde todos os personaxes irradian felicidade, impera o sentido da xustiza e o éxito aflora tras o esforzo de quen o persegue. Indubidablemente, isto non axuda a capacitar para o futuro aos nosos lectores, porque sinxelamente os argumentos non se corresponden coa realidade. Son poucos os autores que se desvían dunha narrativaedulcorada e destinan algunhas connotacións a elementos de tristeza, pero o certo é que o concepto de vida tamén leva parello o da morte. Un termo que non deixa de ser un feito natural e que tarde ou cedo vivirán de preto eses nenos que tanto nos esforzamos en protexer.

Autores como Txabi Arnal Gil reflicten con total clarividencia esta idea, advertindo que “se hace necesaria una literatura infantil que alejada de las interferencias del didactismo, ayude en el afrontamiento del fracaso, la pérdida, el sufrimiento y la finitud tanto propia como de los seres queridos” (Oliz, 2013: 73). Neste sentido, destácase a existencia dun numeroso grupo de profesores e escritores que defenden que a morte é un tema que define a nosa vida e, por tanto, debe ser abordado sen necesidade de enmascaralo con eufemismos que despisten a realidade, aínda que con respecto, psicoloxía e sensibilidade.

O certo é que se desempeñamos un exercicio de retrospección documental e nos situamos no tramo temporal de finais do século XIX e principios do XX, etapa considerada por Román López Tamés (1990), Juan Cervera (1991) e Isabel Pascua Febles (2011) como o inicio da LIJ en España, atopámonos cun trato recorrente cara ao falecemento dos personaxes en todo tipo de situacións e contextos. Aínda que o arraigamento dos contos con valor educativo e didáctico era indubidablemente maior que na actualidade, tamén o era a aposta pola inclusión de temas máis escuros dos que a día de hoxe estamos afeitos (Cendán, 1986).

Neste sentido, son tópicos os argumentos que aluden aos avatares que a vida proporciona aos personaxes, como descrições de naufraxios, abandonos

familiares, mortes ou inxustizas sociais. A valentía de incorporar estes temas era incluso maior que a que pode supoñer incluílos na contemporaneidade. A aqueles lectores do pasado presentábaselles a morte como un feito cotián, ao que tiñan que facer fronte por vivir no medio dunha sociedade convulsa marcada pola pobreza, as fames negras, as guerras e as altas taxas de mortalidade infantil. É dicir, apostábase por obras máis realistas que contribuísen a normalizar e comprender as situacións que cada un destes nenos presenciaba en primeira persoa dentro dos seus ámbitos familiares.

Referencias centenarias que protagoniza a morte

Un bo exemplo do tratamento desta selección de temas controvertidos atópase en obras literarias tanto de índole rexional como nacional; ademais, froito da súa aplaudida aceptación, non só se reeditaron (en tempos de escaseza), senón que tamén foron premiadas en organismos culturais pola súa calidade e enxeño. Entre elas cabe citar *El Plutarco de los niños* (1859), de Modesto Infante –pseudónimo de Vicente Barrantes Moreno–, *El Plutarco extremeño* (1890), de Nicolás Díaz y Pérez ou *Nombres claros de Extremadura* (1914), con Ángeles Morán Márquez como autora (1914). O nexos de unión que comparten estes títulos é que os tres se definen a si mesmos como referencias literarias¹ destinadas a escolares cunha finalidade moralizante e exemplificativa, froito da cal se pretende capacitalos para unha vida adulta en sociedade.

Esta bagaxe cultural que pretenden transmitirilles aos lectores vaise debullando sutilmente por medio dunha serie de biografías literarias, contextualizadas en episodios históricos que se describen minuciosamente con multitude de cifras e datos que se coidan ao detalle. Cada unha destas entradas ou capítulos destínase á narración de recoñecidos protagonistas do noso pasado, personaxes que polos seus feitos, polas súas obras, ou polo lugar que ocuparon na nosa historia, eran exemplo de imitación nas artes plásticas, as ciencias, as letras ou mesmo nas carreiras militares. Deste xeito, os autores

¹ Aínda que é certo que no contexto histórico que se enmarcan estas obras foron consideradas pola súa meticulosa presentación e contido como senlleiras do lectorado mozo, tamén é certo que o concepto de LIX puliuse co tempo. Por iso, a día de hoxe, talvez sería necesario reconsiderar se poderíamos seguir enmarcando estas referencias dentro de dita categoría. De todos os xeitos, resulta irrefutábel a súa contribución á defensa da calidade nas narracións destinadas aos nenos, convertendo o seu proceder descritivo e argumentativo en exemplos de imitación para os seus predecesores.

defendían un dobre propósito: á parte de promover a lectura e a educación, propoñíanse enaltecer o valor dos antepasados, todo iso baixo unha inherente loita por homenaxear o seu legado cultural, ese que se mostra como afastado e descoñecido para os lectores máis novos.

Precisamente, como son temas usualmente envoltos en contextos fríos e pouco atractivos para a infancia, cada unha destas biografías partía de contornas próximas e sobradamente coñecidas polos seus receptores. Desta forma, buscábase crear un clima cálido que puidese captar a súa capacidade de atención dende a primeira palabra, favorecendo que comprendesen o que en liñas sucesivas ía acontecer e que lle podería afectar a eles mesmos nun futuro próximo. A aventura relatada protagonizáraa anos atrás un personaxe que talvez nacesse até na súa mesma rúa, con características moi similares ás súas, pero, en especial, cunha contorna cultural practicamente idéntica, co cal a imitación do recollido era un feito factible.

Con todo, aínda que entre as finalidades de cada biografía atopamos obxectivos diferentes, existe un que se erixe como eixo vertebral de todos os demais: o propósito de que os nenos atopen nalgunha destas descrições a súa propia vocación profesional e teñan modelos de conduta acordes á profesión que lles puidese deparar o futuro. Por esta razón, atopámonos cun abanico profesional de antagónicas sensibilidades coas que se espera que o lector, ao finalizar a obra, teña capacidade para decidir como quere labrar a súa vida.

O groso de personaxes, aínda que rico en matices, pode ser clasificado en grandes gremios laborais, xa que, en función do bloque no que sexan integrados, definirán un patrón de actitudes e valores semellantes. No desenvolvemento secuencial das súas vidas, ao quedar manifestas as súas respostas ás dificultades que a vida lles proporciona, referéncianse as auténticas especificidades de cada un deles. Atoparémonos dende fames negras na figura dos misioneiros, até intentos de secuestro, vinganzas e asasinatos no caso dos conquistadores.

Coas alusións directas a estes duros momentos existenciais, preténdese achaiar o terreo para tratar con naturalidade o carácter vulnerábel da vida e o presente que está a morte no noso día a día. Marcados por esta intención, os tres autores procuran destinar as últimas páxinas de cada biografía a describir

con exactitude o trato que o destino ofrece a cada personaxe en función das súas accións, pero demostrando tamén que este pago non ten por que ser sempre xusto. Concepción Poch Avellán (2009: 52-53), consecuentemente con este tipo de obras, sinala que “educar para a morte significa educar para a vida. Nuestro reto consiste en poder extraer de las situaciones límite –en especial, de la muerte– aquellos valores éticos que su presencia genera: serenidad, amistad, solidaridad, compasión, respeto y paciencia”.

As tres obras que nos ocupan, partidarias de que a educación non debe desentenderse da dor, ven no desenvolvemento dos seus argumentos unha oportunidade de ouro para abordar con suficiente sentido crítico temas pouco convencionais. Por isto, o denominador común entre os personaxes implicados atópase nos tipos de morte e as reaccións da súa contorna. É dicir, en función dos oficios que cada un desempeña, os seus actos irán encamiñados nun sentido diferente e, por tanto, a súa morte será o máis acorde posíbel coa súa profesión.

No transcurso das súas páxinas atopámonos con gremios de todas as clases: escritores, relixiosos, políticos, militares, humanistas, filósofos e un longo etcétera que aglutina todos os oficios posibles que se desempeñaban nos séculos XIX e XX. Deste xeito, naturalízase a morte dende diferentes perspectivas, o consecuentemente período de loito e o posterior sentimento de dor. Unha situación que, tras reiteradas lecturas, remata por converter un tema tabú nun feito cotián ao que se lle resta misterio e fantasía. Con esta filosofía respéctase o consello de Bertrand Russell (2000: 145), quen insiste en “no crear el sentimiento de que la muerte es un tema del que no queremos hablar o en el que no queremos que piensen los niños”.

Partindo desta premisa na que o invisíbel non ten defensa posible, ofrécese desenlaces nos que resulta curioso e inquietante comprender a morte típica en cada profesión, coñecer como afectaba a cada personaxe a perda dun ser querido e en que condicionaba o seu día a día. Mentres que para os conquistadores simbolizaba un feito cotián (e incluso unha honra xa que morrían loitando por defender os intereses do país), para os escritores era máis ben todo o contrario, un serio condicionante con capacidade para cambiar drasticamente a súa sensibilidade artística e capacidade creativa.

Presenza e significado da morte segundo as profesións dos personaxes

O grupo dos escritores, por antonomasia o máis xeneroso en número de referencias, caracterízase pola recorrencia de mortes tardías, sosegadas, apracibles e na soidade dos seus fogares. O mesmo terreo no que esgrimiron coas súas plumas as composicións literarias, transfórmase agora en escenario da súa propia morte. Con todo, casualidade ou non, a maioría deles rematan converténdose en protagonistas das súas creacións. É dicir, aqueles que basean as súas obras en describir vidas marcadas polo amor, a desgraza ou a dor, acábano vivindo e personificando nas súas propias carnes. A descrición das súas vivencias conforma en si mesma unha composición artística máis que resume á perfección os acenos de identidade das súas propias obras, como acontece neste extracto da biografía de Carolina Coronado (Díaz y Pérez, 1890: 36-37):

Anciana ya, y bajo el peso de sus sesenta y ocho años, siente la Coronado y Romero palpitar las fantasías soñadoras del poeta; pero, mujer al fin, el dolor por la pérdida de seres que le fueron muy queridos, la retiene muda, allá en un rincón de la Península, en Poco de Bispo, próximo á Lisboa, en su quinta de Paso d' Arco, vulgarmente llamada A Mitra, secuestrada del mundo y de su patria. ¡Como si ella se perteneciera!

27

Os nosos tres autores afánanse en mostrar como a morte dun ser querido nunca supón o fin existencial dos heroes protagonistas das biografías, senón unha contribución máis forte ao seu proceso de maduración. Dentro do gremio dos novelistas, cambiarán as súas personalidades e con isto tamén as musas das súas composicións que, normalmente, explorarán dúas alternativas posibles: por unha banda, podemos clasificar a aqueles personaxes que optan por desafogar a ira escribindo contra a morte, pois personificana nun ser que lles arrebatou a súa propia felicidade ao borrar a presenza dun ser querido; por outra banda, tamén existe un notábel grupo de románticos que se propoñen unha vida eterna coa persoa amada, e a figura da morte é interpretada como unha simple porta que serve de acceso a esa segunda etapa tan desexada.

Nesta mesma liña preséntase o grupo dos relixiosos, onde podemos enmarcar a aqueles catalogados como santos, misioneiros ou monxes que asumen a vida terreal como un proceso de entrega desinteresada ao próximo e na que han de procurar o ben común, mesmo en detrimento do seu. Case

todos practican o xaxún, renuncian ao calzado ou dormen no chan, feitos que derivan nunhas pésimas calidades de vida que, normalmente, os conducirá a mortes temperás con agonías duradeiras. No sacrificio está a garantía da felicidade eterna.

Por regra xeral, adoitan afrontar os seus últimos días en soidade, sen luxos de ningunha clase e acompañados polo discípulo que continuará a súa encomiábel e desinteresada misión. Os autores insisten en remarcar as pésimas condicións de vida e chegan a mencionar que algúns deles son enterrados medio espidos e de maneira case totalmente secreta dentro dos conventos nos que desenvolveron o seu labor. Tamén queda de manifesto que os integrantes destes oficios son sepultos conforme as circunstancias humildes que definiron as súas vidas.

No polo oposto atópanse os retratos literarios dos militares, conquistadores e xenerais, personalidades que, por cuestións bélicas inherentes á súa profesión, conviven coa morte de forma asidua. Nestes casos, perder a vida móstrase coa máxima naturalidade posible, pero tamén dende un punto de vista diferente que proporciona unha imaxe deshumanizada do protagonista. Ao longo dos textos queda patente que o personaxe en cuestión é o causante da súa propia dor e, ao mesmo tempo, o xerador do dano moral de tantos outros.

Nestes casos, o papel que se lle atribúe á morte cambia de perspectiva e focaliza a súa atención nos compoñentes do “bando inimigo”. Talvez por iso xa non asistimos a unha recreación minuciosa: agora as defuncións despersonalízanse, afástanse e pasan a ser só un mero número cuxa importancia radica na cantidade que represente. Así, mentres maior sexa a cifra, maior será o recoñecemento da vitoria, pois, con ela, engrandécese a figura e o arroxado do militar que salvagarda ao seu pobo.

Estas figuras, polo xeral catalogadas como heroes, mostrábanse tamén como persoas envexadas e aplaudidas polos seus veciños debido á súa gran maestría no exercicio militar ou aos achados logrados no seu labor de conquistadores. Con todo, a pesar de representar unhas vidas intensas infestadas de emocións, as súas despedidas do mundo terreal rompen co itinerario seguido até o momento. A luz esplendorosa que guiou sempre as súas vidas remata por apagarse ante o ocaso que define os seus últimos anos de vida.

A morte exerce como xusticeira facéndolles pagar os seus actos máis desprezables, atacando onde máis pode doer a quen arrisca a súa propia vida por defender os intereses do seu país; é dicir, danando a memoria colectiva da sociedade á que entregou os seus mellores anos e achegándolles significativas remesas económicas de cada unha das súas colonizacións. Con todo, na soitude da súa agonía previa á morte, parece non importarlle a ninguén os fitos que cultivou, tornándose así a admiración social nun esquecemento ingrato e desleal. Exemplo desta situación atopámolo fielmente reflectido tanto por parte de Díaz y Pérez (1890), así como por Morán Márquez (1914), na biografía que ambos destinan ao conquistador Hernán Cortés:

Por último, fijando su residencia en su patria, el héroe de la Nueva España vivió perseguido y maltratado, ora en Medellín, ora en Valladolid, ora en Sevilla, hasta que el 2 de Diciembre de 1547 exhaló el último suspiro, ya pobre y viejo, en un pueblecito titulado Castilleja de la Cuesta, que así mueren siempre los que, como él llenos de laureles y trofeos pudieron ceñir á su sien coronas imperiales, que cedieron generosamente á los que más le ultrajaron (Díaz y Pérez, 1890: 40).

Y para que la figura extraordinaria de este héroe no le falte rasgo alguno que le haga interesante, vino tras de la apoteosis de tales triunfos la sombra opaca de las ingratitudes y de las envidias, que obscurecieron los años últimos de una vida tan gloriosa. Los envidiosos, al cabo, lograron enfriar la entusiasta gratitud que, en los primeros momentos de tales conquistas, sintió el emperador Carlos V, colmando de honores al héroe; y llegó a ser tanto el desvío, que la tradición lo ha llegado a concretar en una anécdota, que tiene la amargura desgarradora de una queja y de una protesta (Morán, 1914: 167).

Por outra banda, o grupo dos políticos, coñecedor da efémera capacidade humana para lembrar o seu pasado e lonxe de buscar exclusivamente a mellora social da comunidade para a que desempeñaron as súas funcións, tamén se afanou en que as súas vidas foran recoñecidas e inmortalizadas. Mentres que co resto de personaxes os datos achegados proviñan da iniciativa de recolección dalgúns autores que consideraron relevantes os seus logros, neste grupo a información adoita emanar das fontes que proporcionaron os propios protagonistas. Son eles os que encargaron as súas biografías para dar eco social ás súas “boas accións”. En ocasións, o éxito nesta profesión medíase polo número de doentes que acudían ao enterro do político e a iso axudaba a fama que se labrase coa popularidade dos seus actos.

Con todo, o aspecto que descoñecen todos eles é que, mentres que avogan pola súa notoriedade social, están a cultivar todo tipo de envexas, rancores e celos. A natureza destes sentimentos é a que acabará condenándoos a unha morte prematura, cruenta e nada contemplativa, servindo a súa execución como espectáculo público para unha sociedade pasiva e mesmo covarde que verá unha ocasión irrepetíbel no oco profesional que deixa baleiro este diligente para ascender á súa mesma categoría laboral e gozar da súa calidade de vida e privilexios.

Unhas liñas finais

As tres obras descritas presentan como denominador común a intencionalidade de facer comprender aos lectores que non todos concibimos a morte do mesmo xeito: cada persoa vincúlalle un respecto e significado diferente e en virtude deste criterio afrontan os últimos anos de vida. Ademais, os tres autores esfórzanse en deixar patente que até o personaxe que se erixe como o máis temíbel, vilán e carente de remorsos, chegada a súa hora final, humanízase por completo sen importar a súa profesión, rango social ou bravura persoal. Deste xeito, o lector comprende que, xusta ou non, dunha forma ou outra, o único que non xera dúbida é que a morte é un feito evidente que iguala a todos.

Por tanto, a ignorancia ante a súa existencia é un comportamento covarde que nos fai aínda máis débiles cando se nos presenta de forma próxima. Medrar sendo conscientes do carácter finito da vida non implica unha existencia marcada polo medo ou a incerteza do devir, todo o contrario. Isto ensínanos a necesidade de conquistar e amarrar os instantes de felicidade que a vida nos brinda, potenciar o compromiso social cos que nos rodean e manifestar os sentimentos que nos invaden sen ningún tipo de vergoña. O problema non é a morte, o problema é vivir alleos a unha realidade que nos persegue dende o primeiro segundo de vida e que pretendemos ocultar cun silencio absurdo que nos fai vítimas de nosa propia ignorancia.

Ramón Tena Fernández
Universidad de Extremadura

Referencias bibliográficas

- Cendán, Fernando. 1986. *Medio siglo de libros infantiles y juveniles en España (1935-1985)*. Madrid: Pirámide.
- Cervera, Juan. 1991. *Teoría de la literatura infantil*. Bilbao: Universidad de Deusto.
- Díaz, Nicolás. 1890. *El Plutarco extremeño: libro de lectura para las escuelas de primera enseñanza por Nicolás Díaz y Pérez*. Badajoz: La Minerva Extremeña.
- García, Jaime. 1996. “El libro infantil en el siglo XX”, en *Historia ilustrada del libro español. La edición moderna. Siglos XIX y XX* (coord. Hipólito Escolar Sobrino). Madrid: Pirámide, pp. 299-344.
- García, Jaime. 2003. *La comunicación literaria en las primeras edades*. Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.
- García, Jaime y Cerrillo, Pedro. 1990. *Literatura Infantil*. Cuenca: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Castilla-La Mancha.
- Hanán, Fanuel. 1996. “Variaciones sobre el tratamiento del tema de la muerte en la literatura infantil”, en *Revista latinoamericana de literatura infantil y juvenil*, n° 4, pp. 13-27.
- Herrán, Agustín y Cortina, Mar. 2006. *La muerte y su didáctica*. Madrid: Universitas.
- Infante, Modesto. 1859. *Plutarco de los niños: libro de lectura para las escuelas*. Madrid: Edición Estereotípica.
- López Tamés, Román. 1990. *Introducción a la literatura infantil*. Murcia: Universidad de Murcia.
- Morán, Ángeles. 1914. *Nombres claros de Extremadura: notas biográficas*. Badajoz: Uceda Hermanos.
- Morán, Ángeles. 1921. *Conferencias de labores: costura, bordados, encajes, flores, corte y confección e historia del traje*. Badajoz: Tipografía, Librería y Encuadernación de Antonio Arqueros.
- Morán, Ángeles. 1927. *Tercer curso: corte de vestidos y labores artísticas*. Badajoz: La Minerva extremeña.
- Oliz, Isabel. 2013. ¿Por qué una tesis sobre la muerte? *Entrevista con Txabi Arnal Gil*. *Bellaterra*, v. 6, n° 1, pp. 72-80. DOI <https://doi.org/10.5565/rev/jtd3.497>.

Pascua Febles, Isabel. 2011. *La literatura traducida y censurada para niños y jóvenes en la época franquista: Guillermo Brown*. Las Palmas de Gran Canaria: Servicio de publicaciones ULPGC.

Perera, Ángeles. 2007. *Manual de literatura infantil*. Las Palmas de Gran Canaria: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Gran Canaria.

Poch Avellán, Concepció. 2009. “¿Por qué es necesaria una pedagogía de la muerte?”, en *Cuadernos de pedagogía*, nº 388, pp. 52-53.

Russell, Bertrand. 2000. *Elogio de la ociosidad*. Barcelona: Edhasa.

Strausfeld, Michi. 1989. “El realismo crítico en la literatura infantil-juvenil”, en *Cuadernos de literatura infantil y juvenil*, nº 83, pp. 83-87.